



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 24 de xaneiro de 2025**, adoptou o seguinte acordo:

13.- RESOLUCIÓN DE RECURSOS PRESENTADOS FRONTE O ACORDO DE DETERMINACIÓN DA XORNADA LABORAL A REALIZAR POLO PERSOAL FUNCIONARIO PERTENCENTE AO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO (SPEIS). EXPTE. 43578/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/01/2025, asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Antecedente 1.- En data 9.08.2024 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo (Expte. 43578-220) acordou a determinación dunha xornada laboral de 1.642 horas en cómputo anual para o persoal *do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento* do Concello de Vigo, nos termos do previsto no art. 8 do vixente Regulamento reitor do servizo; todo elo conforme á xornada legal vixente aplicable ao persoal ao servizo das Administracións públicas.

Con carácter previo á aprobación do dito acordo, consta trámite de autorización do acceso á visualización do expediente a favor do presidente do Comité de persoal, en data 26/04/2024 (trámite18)

Asemade, a proposta de determinación da xornada laboral do persoal do servizo de prevención e extinción e salvamento (SPEIS) do Concello de Vigo foi obxecto da Mesa de negociación para o persoal funcionario do Concello de Vigo, nas súas sesións de datas 7 de maio de 2024 e 25 de xuño de 2024.

Antecedente 2.- O acordo foi obxecto das notificacións, realizadas en data 12/08/2024, DOC:240242803->7010 (SICO), DOC:240242804->7011 (UGT) DOC:240242805->7012 (CIGA) DOC:240242806->7013 (CCOO) DOC:240242807->7014 (SPPME) DOC:240242808->7015 (CUT), CRO (CASIPOL), nos trámites 73 e 74, sendo a súa publicación oficial no BOPPO núm. 160, do luns 19 de agosto do 2024 e no Portal de Transparencia.

Antecedente 3.- Constan presentados en prazo do 20/08/2024 ao 19/09/2024, ambos inclusive- e salvo de erro ou omisión os recursos seguintes:

- Lorenzo Alonso, R., en representación do sindicato CASIPOL (documento nº 240274763, data rex. 11/09/2024)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/02/2025 14:23	Páxina 1 de 7
250024049	CSV: A8A6CA-EF2F51-DEB154-FP2TQ2-96CQG6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Alonso Regueiro, I., en representación do sindicato CIG (documento nº 240280970, data rex. 19/09/2024))
- Aparicio González, V., en representación do sindicato CUT (documento nº 240281026, data rex. 19/09/2024)

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- SOBRE OS RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN: LEXITIMACIÓN PARA A INTERPOSICIÓN E ADMISIBILIDADE

O recurso potestativo de reposición regúlase nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) determinando o primeiro dos preceptos citados que os actos administrativos que poñan fin en vía administrativa poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os houberse ditado.

O prazo de interposición será dun mes se o acto fora expreso, transcorrido o cal, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes, transcorrido o cal, en virtude do disposto no artigo 24.1 da Lei 39/2015 (LRXPAC)

Respecto da lexitimación para a interposición do recurso de reposición, o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpoñer con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo senso, o artigo 112 da citada LPACAP determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderanse interpoñer polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

Debe a priori recoñecerse ás persoas recorrentes a necesaria lexitimación para impugnar os actos obxecto de recurso, en representación dos intereses das persoas empregadas públicas, no caso dos sindicatos. O art. 40.2 do TREBEP dispón que, os delegados de persoal, mancomunadamente, estarán lexitimados para exercer accións en vía administrativa ou xudicial en todo o relativo ás súas funcións.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 LPACAP xa citado) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, constando presentados en tempo e forma os recursos relacionados nos antecedentes, sinalando que a totalidade dos recursos interpostos teñen sido presentados en prazo.

De conformidade co artigo 57 da LPACAP *“el órgano administrativo que inicie o tramite un procedimiento, cualquiera que haya sido la forma de su iniciación, podrá disponer, de oficio o a instancia de parte, su acumulación a otros con los que guarde identidad sustancial o íntima conexión, siempre que sea el mismo órgano quien deba tramitar y resolver el procedimiento. Contra el acuerdo de acumulación no procederá recurso alguno”*; aconsellando a eficiente



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/02/2025 14:23

Páxina 2 de 7

250024049

CSV: A8A6CA-EF2F51-DEB154-FP2TQ2-96CQG6-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

tramitación dos expedientes administrativos a acumulación dos recursos presentados e a correspondente análise e resolución conxunta.

II.- MOTIVACIÓN E PROCEDENCIA DOS RECURSOS PRESENTADOS

- **Recurso presentado por Lorenzo Alonso, R., en representación do sindicato CASIPOL (documento nº 240274763)**

O motivo de impugnación do acordo da XGL de data 9/08/2024 non garda relación co obxecto do recurso de reposición, senón que invoca a súa desconformidade coa constitución do comité de persoal (denominación da Xunta de persoal e do Comité de empresa) e de conformidade cos resultados das últimas eleccións sindicais.

En todo caso está cuestión é allea á determinación da xornada, como recoñece no recurso, e está sendo obxecto dun procedemento contencioso-administrativo, no que o obxecto impugnado, son as actas de constitución do comité.

En canto aos requisitos da intervención da mesa de negociación e de intervención da xunta de persoal, consta no expediente, tanto a previa negociación coa mesa de funcionarios, como a audiencia ao presidente do comité.

Polo tanto, como non alega ningún motivo de legalidade substantiva do acordo adoptado, limitado ao establecemento da xornada legal do SPEIS, dado que o recurso non expón ningunha infracción ou razón de impugnación con fundamento na vulneración de ningún precepto ou disposición que afecte ao acordo recorrido e constatado no expediente que, con data 26/04/2024, se lle deu audiencia e visualización do expte., no trámite 18, ao Presidente do Comité de Persoal (Xunta de persoal), procede desestimar o recurso.

Por ultimo, no escrito se inclúen as seguintes cuestións que convén esclarecer, aínda que non están relacionadas co expediente e, polo tanto, non poden ser obxecto do recurso :

- Con respecto á solicitude de acceso a toda a documentación sobre a que se ampara este acordo formulada polo recorrente, compre informar que, conforme ao disposto no art. 40.1.d) do TREBEP, as xuntas de persoal e delegados de persoal contan, entre as súas funcións, ter coñecemento e ser escoitados no establecemento da xornada laboral.

A este respecto, compre informar que, en data 26/04/2024, realizouse o trámite de acceso á visualización do expediente ao Presidente do Comité de Persoal.

Por outra banda, a través do documento núm 240331723 unido ao Expte. 1771/1102 de acceso á información publica, a a área de RRHH e Formación ten dado traslado do seu informe favorable de acceso ao expediente núm. 43578-220, solicitado polo recorrente.

- A solicitude de acceso a toda a información que se remita á Xunta de persoal e acceso ao correo electrónico do dito órgano, debe ser formulada a través da canle procedimental axeitada e dirixida á xunta de persoal.

- **Recurso presentado por Alonso Regueiro, I., en representación do sindicato CIG (documento nº 240280970)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/02/2025 14:23	Páxina 3 de 7
250024049	CSV: A8A6CA-EF2F51-DEB154-FP2TQ2-96CQG6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Os motivos de recurso son, resumidamente:

“PRIMEIRO.- A Proposta de memoria organizativa do Servizo de prevención extinción de incendios (SPEIS) realizada pola Xefatura de Bombeiros e a xefatura da Área de Seguridade de data 25.04.2024 (criterios xerais) OMITE OS FUNDAMENTOS RAZOADOS QUE SUSTENTAN AS PROPOSTAS.(...)

SEGUNDO.- A proposta NON INCLÚE O PRECEPTIVO TEMPO DE PAUSA NA XORNADA que recolle a normativa de referencia para a función pública. Omisión grave e substancial, por canto que este erro, ten unha incidencia directa na determinación da xornada no SPEIS e na totalidade dos puntos recollidos no documento proposta de memoria organizativa e o que determina que o persoal do SPEIS realizará unha xornada real e efectiva superior á do resto do persoal do Concello.

O persoal do SPEIS ten a consideración de funcionario de carreira, cos mesmos dereitos e deberes e co mesmo marco normativo en materia de persoal aplicable aos funcionarios de carreira, artigos 1 E 3 do Regulamento do Servizo.

TERCEIRO.- DETERMINA DÚAS XORNADAS DISTINTAS PARA O MESMO POSTO (...)

CUARTO.- NON CUANTIFICA A XORNADA DO PERSOAL EN HORARIO DE 8 HORAS.

QUINTO.- O informe proposta de memoria organizativa NON RECOLLE OS DIAS DE ASUNTOS PROPIOS.

SEXTO.- NON ESTABLECE OS MÍNIMOS ORDINARIOS NIN OS MÍNIMOS EN CASO DE FOLGA

SEPTIMO.- INCLÚE UN APARTADO SOBRE A COMUNICACIÓN DAS HORAS SINDICAIS ENTENDEMOS OPORTUNO SULIÑAR QUE SE DEBE AGARDAR Á VALORACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO SEGUNDO ANTICIPA O INFORME DE RRHH”

Á vista do exposto, debe sinalarse, en primeiro termo, que todos os motivos de impugnación son referidos a cuestións contempladas na memoria organizativa do Servizo de data 25/04/2024 asinada pola xefatura do SPEIS e pola xefatura da Área de Seguridade, sometida a mesa de negociación de datas 7/05/2024 e 25/06/2024, e posteriormente aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local da mesma data (9/08/2024) pero noutro expediente num. tramitado pola área de Seguridade e Mobilidade, e que por tanto, non forman parte deste.

En efecto, o acordo da XGL de data 9/08/2024 (expediente 43578/220), obxecto do recurso, unicamente contén a aprobación da xornada laboral aplicable (1642 horas), en cómputo anual de conforme ao réxime aplicable ao persoal a todo o persoal do Servizo de Prevención e de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo, respecto da cal non se formula ningún motivo de oposición.

Finalmente, convén sulñar en canto á observación indicada no último parágrafo do recurso, que, tal e como se indicou no informe proposta de data 11/07/2024 que foi elevado á XGL para a súa aprobación, a previa determinación da xornada legal aplicable ao SPEIS resulta necesaria tanto



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/02/2025 14:23

Páxina 4 de 7

250024049

CSV: A8A6CA-EF2F51-DEB154-FP2TQ2-96CQG6-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

para garantir que os traballos de avaliación e revisión de postos de traballo se desenvolvan de forma axeitada como pola súa incidencia nas retribucións complementarias non fixas nin periódicas ao permitir un “marco de seguridade xurídica óptima na tramitación e xestión dos expedientes administrativos de pago”. En definitiva e como xa se expuxo no citado informe a determinación da xornada debe preceder á valoración dos postos e non ao revés.

Á vista do que antecede, dado que os motivos de oposición ao acordo se fundamentan en cuestións que non foron aprobadas no mesmo, se conclúe que, o recurso carece de obxecto, e debe ser desestimado.

- **Recurso presentado por Aparicio González, V., en representación do sindicato CUT (documento nº 240281026)**

Os motivos de recurso son, resumidamente:

I.-DE LA FALTA DE MOTIVACIÓN DE LA FIJACIÓN DE SERVICIOS MÍNIMOS.-

II.-DE LA NECESIDAD DE COMUNICACIÓN CON UNA ANTELACIÓN MÍNIMA DE 72 HORAS LA INTENCIÓN DE DISFRUTAR DEL PERMISO POR HORAS SINDICALES.-

III.-DE LA APROBACIÓN DE UN PROGRAMA PARA LA REALIZACIÓN DE LOS SERVICIOS EXTRAORDINARIOS FUERA DE LA JORNADA LABORAL ORDINARIA DEL SERVICIO DE PREVENCIÓN Y EXTINCIÓN DE INCENDIOS Y SALVAMENTO.-

IV.- DE LA EXISTENCIA DE SITUACIONES CONTRARIAS AL DERECHO A LA IGUALDAD YA LA NO DISCRIMINACIÓN.-

V.-DE LA APROBACIÓN EN JUNTA DE GOBIERNO DE LA PROPUESTA ORGANIZATIVA DIFERENTE A LA ACORDADA NA MESA DE NEGOCIACION.

VI.-DE LA INEXISTENCIA DE UN PROCESO PREVIO DE ANÁLISIS DE PUESTOS DE TRABAJO PREVIO A LA ADOPCIÓN DEL ACUERDO.-”

Examinados os motivos de impugnación, se aprecia que os contidos nos apartados I ao IV, se refiren aos aspectos organizativos recollidos na Memoria do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, de data 25/04/2024, sometida ás mesas de negociación de datas 7/05/2024 e 25/06/2024, e aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9/08/2024, no expediente núm. 140045/210, e que por tanto, non constitúen obxecto do expediente 43578/220 que dou lugar á aprobación a xornada máxima de 1642 horas en cómputo anual do antedito servizo.

Asemade, o Programa para a realización de servizos extraordinarios fora da xornada laboral contido na memoria organizativa do SPEIS, tamén foi obxecto de aprobación noutro expediente (núm.44930-220), por acordos da XGL de 9/08/2024 e 2/12/2024.

Polo que se refire á aludida inexistencia dun proceso previo de análise de postos de traballo do que derivaría, a xuízo do recorrente, unha “*infracción de la normativa de la regulación jurídica en materia de personal*”, debe salientarse que, non se cita o precepto ou preceptos normativos que se entenden vulnerados, polo que, a anterior afirmación carece de todo fundamento xurídico.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/02/2025 14:23	Páxina 5 de 7
250024049	CSV: A8A6CA-EF2F51-DEB154-FP2TQ2-96CQG6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aínda así, e para o seu axeitado esclarecemento, e tal e como se expuxo no informe proposta de aprobación do acordo de determinación da xornada de data 11/07/2024, para a abordaxe da dita valoración dos postos de traballo, se entende necesario efectuar, como primeira actuación, a previa determinación da xornada laboral polas implicacións que esta cuestión puidera ter na correcta avaliación dos postos de traballo en atención ás súas características e exixencias, e tamén nas incidencias retributivas citadas no antedito informe.

Á vista do exposto, dado que o recurso non contén ningún motivo de impugnación referido ao establecemento da xornada laboral do SPEIS de 1.642 en cómputo anual, debe ser desestimado.

III.- COMPETENCIA

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

A competencia para a aprobación do expediente reside a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, previas as conformidades da Concellería da Área de Goberno e da Concellería-delegada que, por delegación da Excm. Alcaldía e da propia X.G.L., teñan atribuídas competencias en materia de planificación e xestión de recursos humanos no actual réxime de delegacións competenciais, sendo en consecuencia competente para a resolución dos recursos que en vía administrativa, e consonte á normativa vixente, constan presentados.

Á vista do exposto, en estrito cumprimento do sinalado no antecedente V do presente informe, e coa conformidade das Concellerías da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e Concellería-delegada da Área de Educación e de Recursos Humanos e Formación (delegacións competenciais efectuadas en data 28/06/2024) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Acumular, de conformidade co establecido no artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os recursos de reposición interpostos contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 9/08/2024 (BOPPO núm. 160, do luns 19 de agosto do 2024) aprobatorio da xornada laboral de 1.642 horas en cómputo anual para o persoal ao servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo, nos termos do previsto no art. 8 do vixente Regulamento reitor do servizo; recursos que se relacionan no antecedente 3º do informe-proposta que antecede.

SEGUNDO.- Desestimar, nos termos do informe-proposta que antecede, os recursos de reposición interpostos contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 9/08/2024 (expediente 43.578-220) citados no apartado primeiro do presente acordo, por versar sobre cuestións alleas ao obxecto do expediente, que foi a aprobación da xornada laboral de 1642 horas en cómputo anual do persoal do SPEIS, xa que nos mesmos non se fai mención algunha aos fundamentos xurídicos que sustentan os motivos de nulidade ou anulabilidade recollidos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, nin a ningunha outra infracción do ordenamento xurídico ao versar o seu obxecto sobre cuestións alleas ao acordo aprobado, e referidas, ben ao funcionamento e constitución dos órganos de representación do persoal, ou ben, a aspectos contidos na Memoria organizativa do SPEIS, de data 25/04/2024, sometida ás Mesas de negociación das condicións do persoal



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/02/2025 14:23	Páxina 6 de 7
250024049	CSV: A8A6CA-EF2F51-DEB154-FP2TQ2-96CQG6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

funcionario de datas 7/05/2024 e 25/06/2024, e aprobada no expte. nº 140045-210 da área de Seguridade e Mobilidade.

TERCEIRO.- Ordenar a realización das publicacións oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción na web municipal www.vigo.org, no Portal de Transparencia do Concello de Vigo aos efectos do seu público coñecemento.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ás/aos recorrentes, á Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade, Xefaturas e letrados/as); Xefatura da Área de Seguridade, Mobilidade, Tráfico e Extinción de Incendios; Xefatura de Servizo de Mobilidade e Seguridade; Xefatura do SPEIS; Tesourería Municipal; persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, inspección de persoal e Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais; sindicatos lexitimados para a negociación colectiva no Concello de Vigo e órganos de representación sindical do persoal funcionario do Concello de Vigo, para coñecemento e efectos.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que pón fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/02/2025 14:23	Páxina 7 de 7
250024049	CSV: A8A6CA-EF2F51-DEB154-FP2TQ2-96CQG6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		